

## UNIDADE 2: As mulleres na sociedade, unha historia de ocultación


### ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

Se tes moi claro en que consisten os fenómenos de ocultación feminina, se cadra quererás saber máis sobre eles con esta serie de actividades:

1. *Describe outros casos de ocultación semellantes aos que se narran no Manual da Unidade. Se non se che ocorre un caso, podes inspirarte nesta ligazón. A túa descrición debería contar, como mínimo, estes apartados:*

- Unha breve introdución histórica á sociedade en que se produciu o caso de ocultación.*
- Un breve perfil biográfico da muller ou mulleres protagonistas.*
- A descrición concreta da ocultación sufrida e as razóns que o motivaron.*
- Unha reflexión crítica sobre os fenómenos de discriminación rexistrados.*

2. *O gráfico de embaixo foi publicado no xornal dixital Praza Pública o 26 de outubro de 2018. Recolle os resultados dun estudo sobre igualdade de xénero nas empresas galegas realizado pola Universidade de Vigo. No eixo horizontal ofrece os treitos salariais anuais e no eixo vertical a porcentaxe de homes (marrón) e mulleres (amarelo) que teñen un salario anual dentro dese tramo.*



Distribución (%) por treito salarial a tempo completo

Fonte: Zona Franca • [Descarga os datos](#) • [Embed](#)



- a) Cal é o treito mínimo? E o máximo? Que porcentaxe de mulleres e homes reciben un e outro salario respectivamente?
  - b) A porcentaxe de mulleres aumenta ou diminúe a medida que aumenta o treito salarial? Que sucede cos homes? Que causas cres que explican esta diferenza?
  - c) Estudos recentes indican que [a formación das mulleres menores de 45 anos](#) é superior á dos varóns. Que razóns poden explicar as dificultades das mulleres para alcanzar postos de responsabilidade dentro das empresas?
3. A expresión [chan pegañento](#), úsase para falar [das causas que impiden ás mulleres](#) mellorar a súa posición na escala laboral.
- a) Ocorrénseche exemplos que ilustren esta expresión?
  - b) Que medidas poden tomar as empresas para romper ese teito de vidro?
  - c) Coas vosas conclusións, elaborade un decálogo de boas prácticas en igualdade de xénero. Podedes facerlle chegar os resultados á [Confederación de Empresarios de Galicia](#).

4. Ao longo dunha semana retrata á túa familia realizando traballos domésticos ou de coidados. Con todas as fotografías compón un álbum que poña de relevo a importancia do traballo reprodutivo. Se queres, tamén podes incluír fotos de xeracións anteriores da túa familia.